



Anque cant´aquí un ano  
e por riba nove meses,  
nunca m´ouirás dicir  
/:unha copla dúas veces:/.  
Ai la la...

E ti telo telo,  
non o queres dar  
e despois de vello  
halo de salar.

O casado quer a casa,  
o casado casa quer,  
o casado quer a casa  
/:o solteiro quer muller:/.  
Ai la la...

No portal de meu soghro  
apuraronme o can  
e saleu miña soghra  
cunha tranca na man.  
No portal de meu soghro  
apuraronme o can.

Os amoríños d´Antonio  
a mi ya me tienen loca,  
/:yo me muero por Antonio,  
Antonio muere por otra:/.  
Ai la la...

/:Joseíño, meu amor:/.  
se serviras para cura  
/:sera-lo meu confesor:/.  
Ai la la...

/:Joseíño baila só-e:/.  
que ben lle sale a Jose-ie  
/:a cadena do reló-e:/.  
Ai la la...



Os curas ios taberneiros  
teñen algo paricido  
os curas bautizan nenos  
/:os taberneiros o viño:/.  
Ai la la...

Aturuxo

Vou a da-la despedida  
con rosas e caraveles,  
cintas verdes i encarnadas  
/:para que de mi te acuerdes:/.  
Ai la la...

Voy a dar la despedida,  
la despedida voy a dar-e  
voy a dar la despedida  
/:porque no puedo cantar-e:/.  
Ai la la...

/:Voy a dar la despedida:/  
no aro deste pandeiro  
/:na ´squina máis d´arriba:/.  
Ai la la...

/:Pantorrillah de carneiro:/  
se queres falar connigho  
/:pide premiso pirmeiro:/.  
Ai la la...